# XESTIÓN DE BLOQUES (INFORMACIÓN DOS LATERAIS) DA WEB DO CENTRO.

## 1. ACCEDER COMO USUARIO.

Introducir os datos de acceso facilitados, indicando usuario e contrasinal.




## 2. CREAR NOVO BLOQUE:

Para crear un novo bloque na web do centro debemos seguir os seguintes pasos:




No menú lateral esquerdo, prememos sobre "Administrar". A continuación, escollemos a opción "Bloque" situada no apartado "Construcción da páxina".



Na nova páxina que nos abre, temos todos os bloques activos neste momento na páxina web, organizados polo espazo que están a ocupar (barra lateral esquerda ou barra lateral dereita)




Danos outras moitas opción de localizacións para os bloques, pero na nosa web non están sendo utilizados.




Se vamos a parte de arriba e abaixo da páxina poderemos ver con que espazo se corresponde canda un deles.



Ao final da lista aparecen os bloques xa creados que non están visibles neste momento, pero que poderemos activar cando o precisemos.

Será neste último listado onde aparecerá o bloque que creemos a continuación.

Para crear un novo bloque teremos que premer na lapela da parte superior "Engadir bloque”. Neste mesmo lugar danos unhas instrucións sobre como modificar os bloques.




A continuación vainos abrir unha páxina onde darlle contido ao noso bloque. Funciona do mesmo xeito que cando creamos unha entrada na páxina web. Temos que poñer unha descrición, un título (o que se verá no menú lateral escollido) e un corpo, que pode ser unha imaxe, un texto, un hipervínculo …) Neste caso, como o bloque ten un espazo reducido é importante que as imaxes ou recursos incrustados non superen por moito os 150 píxeles de ancho para que non saian fora do espazo asignado.



Se queremos que o bloque estea sempre visible no lateral, non será preciso modificar ningún parámetro de publicación dos que nos ofrecen a continuación.

Unha vez creado o bloque temos que gardalo, premendo no botón da parte de abaixo “Garda-lo bloque”.




Como xa nos di a propia páxina o noso bloque creado aparecerá no último apartado “desactivados”. Teremos que buscalo pola descrición que lle puxemos ao crealo e escoller no despregable a que barra queremos mandalo. Tamén neste momento podemos volver a editalo dándolle a “configurar” ou ben eliminalo dándolle a “borrar”






Ao escoller a localización o titulo do bloque creado se coloca xa no listado axeitado. Podemos cambialo para arriba ou abaixo premendo sobre as frechas que aparecen ao carón do título.







Por último teremos que gardar os cambios, premendo ao final da páxina para que o noso bloque apareza creado.






**2. MODIFICAR OU BORRAR UN BLOQUE:**

O procedemento, xa mencionado anteriormente, é acceder ao listado de bloques, buscar o que nos interesa e premer na opción desexada.




Podemos deixalo desactivado, volvendo a escoller no despregable a opción "ningún", ou eliminalo para sempre premendo en "borrar".

Tamén nos pode interesar modificar o contido do bloque, para o que premeríamos sobre "configurar" e nos abriría o menú de creación do bloque novamente.

Como último paso, recordar sempre premer en "Garda-lo bloque".




Material elaborado por Critina Cuervo Soto

https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/